

Orientacións para o profesorado

INTRODUCCIÓN

O monográfico que aquí se presenta está pensado, principalmente, para o alumnado do 1º. Ciclo de Educación Primaria. O tema é o dos Dereitos Humanos, centrado no dereito á alimentación, á saúde e á educación. Coa finalidade de potenciar nos nenos e nenas destas idades o interese por coñece-la temática concreta que aquí se expón e, ó mesmo tempo, as diferentes experiencias de vida, baseámonos na súa propia con continuas referencias ás vivencias, coñecementos, percepcións, da súa realidade máis próxima.

Da man de María, unha nena nicaraguana da mesma idade có noso alumnado, profundamos nunha dura realidade que viven demasiados nenos e nenas no mundo: o incumprimento duns dereitos mínimos, indispensables para unha vida digna.

OBXECTIVOS

Sensibiliza-lo alumnado sobre os Dereitos Humanos.

Amplia-lo coñecemento do alumnado cara a unha realidade diferente da súa e traballa-la empatía para entender e achegarse a esta realidade.

Entender que hai necesidades básicas indispensables para poder medrar e vivir con dignidade.

CONTIDOS

Actitudes, valores e normas

A valoración dos Dereitos Humanos.

O coñecemento, a valoración, a empatía e o respecto cara a realidades diferentes á propia.

O fomento da solidariedade e a xustiza social.

O interese en participar nas tarefas que se propoñen.

Conceptos

Os dereitos básicos das persoas.

O incumprimento dos dereitos básicos das persoas.

Procedementos

Obtención de información a partir de diferentes medios: cartas, ilustracións, etc.

Expresión oral, escrita e gráfica.

Análise e reflexión dos temas presentados mediante debuxos, labirinto, etc.

TEMPORALIZACIÓN: 4 sesións clase

ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE

¡OLA, SON MARÍA!

Obxectivos: Achegar ó alumnado o tema dos Dereitos Humanos a través da personaxe. Recoñece-los Dereitos Humanos como fundamentais para a vida das persoas.

Descrición: A través da fotografía da portada e da carta que nos envía María, introdúcese o concepto dos Dereitos Humanos. Posteriormente, a través dos debuxos das secuencias da flor, recoñécese a necesidade do cumprimento dos ditos dereitos.

Orientacións: Simulamos que recibimos unha carta de María. Dirémoslles que é unha nena da súa idade que ten unha preocupación e que nola quere explicar. Partiremos de que a nosa protagonista e o noso alumnado teñen as mínimas necesidades de alimentación, saúde e educación cubertas pero que hai outros nenos e nenas que non as teñen.

Recoméndase comentar e reflexionar sobre o dereito de tódalas persoas a unha vida digna e que esta non é posible sen unha alimentación, sanidade e educación básicas. A carta de María relaciónase coa que propoñemos na actividade final, onde o alumnado se imaxina que pode escribirlle á protagonista e expoñerlle as súas reflexións.

A continuación, presentaremos dúas secuencias que nos permitirán explicar que os dereitos Humanos son fundamentais para a vida das persoas e que sen eles as consecuencias son graves.

Para incidir sobre as consecuencias da falta de Dereitos Humanos utilizaremos un símil: explicaremos que se a unha planta lle falta a auga e o alimento ou non se coida, morrerá, e á inversa. Entre todos, comentaremos qué pasa en ámbolos dous casos.

¿QUE COMEMOS?

Objetivos: Recoñece-la importancia da alimentación no crecemento. Identifica-la alimentación como un Dereito Humano universal.

Descrición: A partir da pregunta que nos fai María debuxaranse os alimentos que tomamos habitualmente. Despois seleccionaranse e pintaranse os que son imprescindibles para o crecemento e a vida.

Orientacións: Unha vez pintados os debuxos, repartíranse en follas de papel diferentes para, a continuación, colgalos todos dun mesmo fío (como unha serpe). Así pódese adorna-la aula.

Tamén podemos pedir que busquen na casa fotografías de cando eran pequenos e que vexan cómo cambiaron. Comentar que grande parte destes cambios son froito dunha alimentación axeitada.

¡NECESITAMOS BEBER!

Objetivos: Recoñece-la auga potable como un ben escaso ó cal non todo o mundo ten acceso. Identifica-la auga non potable como fonte de enfermidades.

Descrición: A través de tres imaxes que mostran realidades diferentes sobre o acceso á auga deberase identifica-la que cada un utiliza, así como o xeito e o momento de usala.

Orientacións: Recoméndase comentar que a auga potable é un ben moi escaso. En cambio, a auga é fundamental para a saúde. A auga pode conter residuos e organismos que causan enfermidades. Cómpre termos coidado e informarnos antes de beber auga da que se descoñece a súa procedencia.

Non tódalas persoas teñen auga corrente na súa casa. Neste caso teñen que transportala en grandes recipientes que, cheos, pesan moito. As persoas que non teñen auga na súa casa aproveitan cando van á fonte ou ó río para lavarse.

Finalmente, podémoslles comentar que hai moitos nenos e nenas que teñen dificultades para encontrar auga potable, ¿como o farían eles se non tivesen auga potable? As posibles respostas comentaranse entre todos e mesmo se poden representar.

¡TEÑO A VARICELA!

Objetivos: Recoñece-la sanidade como un Dereito Humano universal, así como a necesidade de ter bos servicios mínimos próximos que velen pola nosa saúde. A estes servicios non todo o mundo ten acceso.

Descrición: A través de catro viñetas María explícano-la dificultade que teñen para acceder ós servicios médicos. Despois analizaranse as viñetas en pequenos grupos e comentaranse as conclusións entre todos.

Orientacións: A nosa protagonista está enferma (ten unha erupción cutánea tipo varicela) e ten que ir ó médico. Pero o médico está lonxe da súa aldea e para solucionar este problema entre todos están construíndo un dispensario. Outra idea é que, na escola, lles proporcionan información sobre nutrición, o coidado do corpo, as enfermidades e a súa prevención.

Estas viñetas permítenos coñecer unha realidade diferente á nosa e a través dela podemos abrir un debate sobre a necesidade de ter un servicio médico mínimo que vele ola nosa saúde.

Ó tempo, podemos partir da súa realidade máis próxima: comentar qué significa estar enfermo, cómo nos sentimos cando estamos enfermos, etc. Así, deixamos que os nenos e as nenas vaian explicando as súas vivencias e sentimentos encol deste tema. Finalmente, podémoslles recomendar que pensen qué pasa se faltan medicamentos, se se constrúen hospitais moi afastados, etc.

¡GÚSTAME LER, ESCRIBIR E DEBUXAR!

Objetivos: Darse conta de que a escola brinda a posibilidade de mellora persoal e social. Recoñece-lo dereito á escolarización como un Dereito Humano universal. Identificar algunhas das dificultades que teñen moitos nenos e nenas no mundo para poder acceder á escola.

Descrición: A partir dunha pregunta de María, reflexionárase sobre o que lles gusta ou desagrada da escola, así como do que xa aprenderon. Posteriormente, a través dos debuxos deberán identificar algúns dos obstáculos que impiden a escolarización universal.

Orientacións: O primeiro exercicio que propoñemos é reflexionar sobre o que aprendemos na escola, o que nos gusta máis e o que menos. Anotarase de xeito individual, e despois comentaráselle ó resto da clase. Referente a cinco cousas que aprenden na escola podemos pedirles ós alumnos que fagan unha votación e as tres cousas máis votadas poden ser motivo dun mural que se realice entre todos. Trátase de profundar na realidade de moitos nenos e nenas que non poden ir á escola. Para coñecer algúns dos impedimentos propoñemos un labirinto onde mostramos nenos e nenas que non poden ir á escola por motivos económicos, de infraestrutura, por conflitos armados ou por afastamento. Unha vez resolto o labirinto, propónselle ó alumnado intentar buscar solucións a cada un destes motivos. Para iso, pedimos que se dividan en tres grupos. Cada grupo traballará un problema e intentará encontrar solucións. Finalmente, poranse en común as distintas solucións propostas.

A NOSA CARTA A MARÍA

Objetivos: Sintetiza-lo traballo realizado neste monográfico. Potenciar actitudes críticas fronte ás situacións de inxustiza que padecen millóns de persoas no mundo.

Descrición: A partir da interpelación que nos fai María, propoñemos elaborar unha carta resposta colectiva. Posteriormente, pódeseles pedir que pensen en posibilidades de difusión desta carta: a toda a escola, ós pais e nais, á prensa local, ó concello...

Orientacións: Trátase dunha actividade resumo de tódolos aspectos traballados durante o monográfico que, ademais, permítenos iniciar ó alumnado en actuacións consecuentes e críticas fronte a situacións de inxustiza social. A carta elaborárase de forma colectiva a partir das ideas que xurdisen no debate. O docente debe recordarlles ós alumnos as diferentes actividades realizadas e as situacións que foron descubriendo.

Finalmente, trátase de potencia-la necesidade e o interese en dar a coñece-lo que descubriron e esixirlles ós adultos solucións fronte a situacións de inxustiza social. Pódese levar a cabo despois de decidir entre toda a clase a quen podería enviarse a dita carta ademais de a María.

1º Ciclo de Primaria



© Intermón Oxfam

Derechos
para todos
e todas

Autora: Ester Casals


Intermón
Oxfam

¡Ola, son María!




Chámome María e vivo preto de León,
en Nicaragua. Teño amigos e amigas,
vou á escola e cando me poño enferma
vou ó médico, ¿e ti?

Hoxe, na escola, explicáronnos que tódalas
persoas temos dereito a comer, a ir á
escola e ó médico.

Pero eu coñezo nenos e nenas que non
teñen alimentos, fáltanlles medicamentos
e non poden ir á escola.

¿Que credes que poderíamos facer para
que tódolos nenos e nenas do mundo
tivesemos estes dereitos?

Observa os debuxos



¿Que comemos?

Eu como carne de polo ou de cocho, fabas, millo, arroz e plátanos fritos





E ti, ¿que comes? **Debúxao**

A large, empty rectangular box with a thick black border, intended for the user to draw their own food items.

Debuxa alimentos necesarios para vivir e medrar

¡Necesitamos beber!

María, cada día, vai buscar auga á fonte. E ti, ¿de onde sáca-la auga?



Completa

Utilizo a auga para:

En que momento a utilizo:

¡Teño a varicela!



Estou enferma e teño que ir ó médico



Pero a consulta do médico está lonxe, en León



Por esta razón estamos construíndo entre todos un dispensario na aldea



Na escola explicánnos cómo evitar enfermidades

¡Gústame ler, escribir
e debuxar!


E a ti, das cousas que fas na escola, ¿que é
o que máis che gusta?

¿E o que menos?

Escribe cinco cousas que aprendeses na escola:

- 1 _____
- 2 _____
- 3 _____
- 4 _____
- 5 _____

¿Por que hai nenos e
nenas que non poden ir
á escola?



A nosa carta a María

Hai nenos e nenas no mundo
que non teñen alimentos e
que non poden ir á escola
nin ó médico. Eu creo que
isto é inxusto e debemos
esixirlles ós adultos que o
solucionen.

¿Que pensades vós?

